



**A Asociación Cultural Galega "Rosalía de Castro" de Cornellá
(Barcelona) convoca o Certame Literario
"ROSALÍA DE CASTRO" do ano 2014 baixo as seguintes bases:**

XXVIII, CERTAME DE POESIA EN LINGUA GALEGA "ROSALÍA DE CASTRO"
Bases

- 1.- O poema estará escrito en Lingua Galega e terá un mínimo de TRINTA e un máximo de CEN versos. Admitiránse conxuntos de poemas de temática común, sempre que non excedan dos CEN versos.**
- 2.- Os traballos enviaranse en sobre sen remite e sen indicación algunha referente á personalidade do autor, ó enderezo da Asociación: Rúa Federico Soler, 71, 08940-Cornellá (Barcelona). Noutro sobre pechado figurará no exterior o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará: Nome e apelidos, enderezo, DNI, teléfono e correo electrónico do autor.**
- 3.- Deberá enviarse SETE copias dos poemas, en formato normal, sen encadernar ou grapar, antes do día 15 de OUTUBRO de 2014.**
- 4.- A A.C.G. Rosalía de Castro nomeará ó Xurado entre personalidades relevantes da creación e da crítica.**
- 5.- O veredicto dos premios darase a coñecer nas Xornadas Culturais a celebrar no Outono de 2014.**
- 6.-Os poemas premiados poderán ser editados pola Asociación na forma ou medio que considere conveniente. Así como todos os presentados ó Certame.**
- 7.- Os premios consistirán:**
1º premio: 500 €
2º premio: 300 €
3º premio: 200 €
- 8.- Os premios entregaranse na Asociación Cultural Galega "Rosalía de Castro", unha vez realizado o fallo por parte do xurado. Os premiados deberá facilitar os seus traballos en soporte informático tipo documento Word á organización**
- 9.- O feito de concursar, supón acepta-las resolucións do xurado así como as bases do Certame. Non se devolverán os orixinais**